

CUESTIONARIO COMTE POSITIVISMO:

2. ¿Que é o *positivo*?, ¿que saber aporta un coñecemento verdadeiro: a relixión, a filosofía ou a ciencia?, ¿que é aquilo no que se debe centrar o estudo científico?, con outras palabras, ¿cales son as características do obxecto de estudo da ciencia?, ¿que podemos entender por *ciencia positiva*?

- O saber positivo baséase en feitos obxectivos, aqueles que poden ser observados e verificados cientificamente. Este saber é relacional, porque relaciona causas concretas con fenómenos concretos, a través de leis naturais, e ofrece unha cosmovisión matemática do universo. Comte considera que é a ciencia o saber que aporta un coñecemento verdadeiro (a relixión e a filosofía non son quen de facelo). A ciencia ten unha eficacia científica para explicar diferentes fenómenos en base á observación dos feitos (fenómenos observados), a investigación ou a experimentación, polo que o estudo científico se centra nisto. Os únicos datos válidos proveñen dos sentidos e da análise lóxica destes datos, polo que teñen que ser reais, perceptibles sensorialmente e verificables.

Por *ciencia positiva* podemos entender unha ciencia empírica, baseada no papel da experiencia e da observación do mundo, e non na intuición filosófica nin na fe. A *ciencia positiva* quere dicir o mesmo que *positivismo* (o cal trataba de defender o espírito científico). A ciencia positiva son as ciencias naturais avanzadas, que a mente humana pode elaborar para comprender os fenómenos tal e como son. Para rematar, Comte corrobora que o coñecemento positivo é certo, pero tamén relativo, xa que coñecemos o universo como se nos aparece a nós, os seres humanos.

Daniel Rial, Iria Varela, Alexia Botana. 2º Bach. B. IES AS FONTIÑAS. CURSO 2023/24